

1. A historia xamais contada

1.1. Os crimes do fascismo

Comecemos coa cualificación que facía a ONU do réxime de Franco. A Resolución 39 da Asemblea Xeral da ONU de 12 de decembro de 1946 dicía: “De acordo coa súa orixe, natureza, estrutura e conduta xeral, o réxime de Franco é un réxime Fascista baseado no modelo da Alemaña nazi de Hitler e a fascista de Mussolini, e establecido en gran parte grazas á axuda recibida dos mesmos”

A represión franquista asasinou máis de 5.000 persoas en toda Galiza. Ao remate da guerra, a ditadura franquista ordenou o fusilamento de 200.000 persoas en todo o Estado e 750.000 estiveron en cárceres e campos de concentración. Millóns de persoas foron despedidas do seu traballo, entre eles 60.000 profesores/as. Centos de miles tiveron que marchar ao exilio. Aínda hoxe hai máis de 100.000 persoas desaparecidas en fosas comúns. Miles de nenas e nenos foron roubados a familias de demócratas e republicanos, cambiando a súa identidade.

A represión dos fascistas na comarca da Coruña ten un balance realmente estremecedor, con centos de persoas asasinadas, entre elas as primeiras autoridades: Francisco Pérez Carballo, gobernador civil; Rogelio Caridad Pita, gobernador militar; Enrique Salcedo Molinuevo, xeneral xefe da VIII División Orgánica; Alfredo Suárez Ferrín, alcalde da Coruña; Joaquín Martín Martínez, secretario do concello; Manuel Prado Allegue, xefe da Intervención Municipal; Francisco Prego Campos, xefe de Negociado do concello; Ánxel Casal, vicepresidente da Deputación e alcalde de Santiago; Manuel Quesada e Gonzalo Tejero, comandante e capitán das Forzas de Asalto; dirixentes de partidos como Ramón Maseda Reinante, presidente da Agrupación Socialista da Coruña; Pedro Galán Calvete, presidente das Mocidades Galeguistas. Dirixente sindicais como José Villaverde e José Boedo López, da CNT; Eugenio Carré Naya, secretario da Federación de Traballadores do Ensino-UXT. Entre as vítimas había unha gran pluralidade: anarquistas, socialistas, comunistas, galeguistas, republicanos.

O xeneral Mola deixaba moi claro o obxectivo: “Eliminar sin escrúpulos ni vacilación a todos los que no piensan como nosotros”.

***“Tenemos que matar; matar y matar. Son como animales (...)
Al fin y al cabo, ratas y piojos son los portadores de la peste.
Nuestro programa para regenerar España consiste en exterminar un tercio de la población masculina. Con eso se limpiaría el país y nos desharíamos del proletariado. Además también es conveniente desde el punto de vista económico. No volverá a haber desempleo en España” (Entrevista do capitán franquista Gonzalo Aguilera, concedida ao xornalista John Whitaker).***

Naturalmente que los hemos fusilado ¿Pensaban que me llevaría conmigo a 4.000 rojos mientras mi columna avanzaba luchando contrarreloj? ¿Debía dejarlos en libertad a mis espaldas, permitiéndoles que hicieran nuevamente de Badajoz una ciudad

Presidencia do desfile militar celebrado na Coruña o 14 de abril de 1936, en conmemoración da proclamación da II República. De dereita a esquerda: Francisco Pérez Carballo, gobernador civil; xeneral Rogelio Caridad Pita, gobernador militar; Juana Capdevielle, esposa do gobernador civil; Enrique Salcedo Molinuevo, xeneral xefe da VIII División Orgánica; Alfredo Suárez Ferrín, alcalde da Coruña. Todos foron asasinados polos fascistas. Proxecto “Voces e Nomes”.

(Declaracións do xeneral Yagüe a un corresponsal estadounidense despois da matanza da praza de touros de Badaxoz).

“Nuestros valientes legionarios y Regulares han enseñado a los cobardes de los rojos lo que significa ser hombre. Y, de paso, también a las mujeres. Después de todo, estas comunistas y anarquistas se lo merecen, ¿no han estado jugando al amor libre? Ahora por lo menos sabrán lo que son hombres de verdad y no milicianos maricas. No se van a librar por mucho que forcejeen y pataleen” (Arenga na radio de Queipo de Llano o 23 de xullo de 1936).

Foron retirados os nomes de moitas rúas que homenaxeaban o xeneral Queipo de Llano, mais na Semana Santa de Sevilla de 2010, aínda o paso de Virxe da Macarena lucía a faixa deste sádico e criminal, que chamaba á violencia contra as mulleres. Sinala o historiador Carlos Fernández no seu libro *El alzamiento de 1936 en Galicia*:

Los paseos, cual si se tratase de una actividad industrial, acabaron siendo programados. La “oficina técnica”, o macabra, se había instalado en el hoy desaparecido café Unión, de la plaza de Pontevedra –aprovechando las largas tertulias de la sobremesa española– y la sucursal, aparte el cuartel general de Falange en la calle Juana de Vega, en una céntrica peluquería del Cantón Grande. Así, entre tazas de café y buenos afeitados fue incubándose la tragedia.

E dá detalles sobre a amplitude da represión:

Al principio, fueron intelectuales y políticos de ideología más o menos izquierdista. Luego abarcaron a todo ser humano sin discriminación de sexo, raza o clase social. Respecto a ello, baste un botón como muestra: un cónsul, afincado en La Coruña, relata a un paseador, en el ya mencionado café, que cuando visitó un barco del país que representaba para efectuar unos trámites oficiales, un carabinero le requisó a la salida un cartón de tabaco rubio. Ante tamaño ‘delito’, el paseador, íntimo amigo del cónsul, le pidió el nombre del carabinero para pasearle. Otros paseadores tenían profesiones que eran coartadas perfectas para su misión. Había uno, conocido carnicero, que llegaba, muchas veces, a altas horas de la madrugada a su casa con el vestido manchado de sangre. Cuando algún vecino se lo hacía notar, respondía impertérrito: Es que hoy he tenido matanza y no me ha dado tiempo de cambiarme.

Os lugares de reunión dos paseadores e os seus nomes non son un segredo, xa que aparecen sinalados en numerosos libros de historia e en testemuños orais.

O historiador Luis Lamela tamén achega datos importantes

sobre a represión no seu libro *A Coruña, 1936; memoria convulsa de una represión*: “Las mujeres de algunos de los represaliados serían violadas –las escasas denuncias fueron generalmente sobreesidas– o sometidas a represión física o psíquica, con cortes de pelo al cero, purgas con aceite de ricino, acosos sexuales, etc”. No mesmo libro Lamela dá conta do asasinato de Mercedes Romero Abella –apareceu nunha fosa común en Vilarraso (Aranga)– mestra do barrio coruñés de Monelos, de 30 anos e con dous fillos de curta idade; era viúva de Francisco Mazariegos, tamén asasinado polos fascistas, sindicalista da UXT e empregado do Banco Pastor: “Fue violada por varios fascistas que la llevaban detenida y cuando iban a rematarla, los lugareños escucharon muy asustados y escondidos los gritos desgarrados y aterrados de la pobre mujer suplicando piedad y clemencia, justificando la súplica por la razón de tener hijos menores que quedaban completamente desamparados. Y allí mismo, haciendo caso omiso a los gritos de piedad de la desdichada infortunada, la acribillarían a balazos salvajemente”.